

# MANIFESTO. CINE GALEGO EN GALEGO

Asinamos o presente documento profesionais de diferentes ámbitos do Sector Audiovisual Galego, pero tamén artistas, autores e profesionais doutros sectores relacionados con este. A todos nos une a implicación e o compromiso co desenvolvemento dun sistema audiovisual propio.

Consideramos que o audiovisual galego, para gozar de madurez na súa articulación industrial e expresar desde a diversidade e pluralmente a riqueza creativa da nosa cultura viva, ten que desenvolverse autonomamente. Cos apoios necesarios, pero sen que os grupos partidarios nin de interese económico marquen o futuro do noso sector.

Co exposto neste Manifesto queremos formular a necesidade de protección do audiovisual galego e expresar a nosa inquietude e o noso interese pola cultura e pola lingua galega. Unha inquietude e un interese que se traducen en compromiso explícito.

- 1- Cine Galego é aquel rodado e falado en Galego. A protección e a salvagarda da lingua galega ten que ser a primeira prioridade de tódalas institucións públicas involucradas no desenvolvemento do Sector Audiovisual Galego e o compromiso activo dos profesionais e das empresas do sector.
- 2- Consideramos a cuestión da lingua como o valor máis obxectivo de defensa da cultura propia. Non excluimos o castelán como elemento presente na cultura de Galicia nin pretendemos impoñerlle a ninguén a lingua coa que desexe traballar. Pero afirmamos e defendemos que a lingua galega ten que ser a base, e nunca a superficie, da obra audiovisual galega.
- 3- Non é posible atopar outros criterios para falar dun Cine Galego se non é o protagonismo da lingua galega na produción e na exhibición dos produtos. O audiovisual galego pode e debe tratar toda clase de temáticas, e rexeitar de facto a falsa dicotomía entre o "galego" e o "universal". Pero os temas tratados non lle achegan ás nosas producións ningún sinal de identidade se non teñen na lingua galega o seu vehículo de comunicación.
- 4- Os criterios para axudas públicas non poden depender de cotas e porcentaxes. A participación en proxectos do cine español por parte de empresas galegas e as súas valoracións artísticas ou industriais non poden sobrepoñerse á cuestión diferencial do idioma, sen excluír que os proxectos non galegos se acollan a outros Marcos de Protección.
- 5- Protexendo a lingua protexemos os profesionais e a industria galegas, creando uns alicerces sólidos para un futuro audiovisual que se afaste da especulación política e económica. A creación dun verdadeiro e duradeiro audiovisual en Galicia só será posible mediante a defensa e o compromiso coa nosa lingua e a nosa cultura.

Con estes obxetivos queremos manifestar á sociedade galega e ós axentes e institucións involucrados no desenvolvemento do audiovisual que nos momentos actuais de crise o "Feito Cultural" é o único garante da nosa industria. É, á parte do noso talento, o valor engadido que nos permitirá poder falar dun audiovisual propio, dunha cinematografía galega. Non atender a el será renunciarmos a estar no mundo, conformarnos con ser os restos pouco significantes doutro sector.

## **CO GALLO DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS DO ANO 2003**

Se queres sumarte a esta iniciativa manda unha mensaxe electrónica a [xosezapata@lorelleiproducciones.com](mailto:xosezapata@lorelleiproducciones.com) ou o móbil 625164633 co teu Nome e Profesión.

## LISTA DE ASINANTES (16/05/03)

Alfonso Castaño	Filólogo
Alfonso Valiño Ares	Actor de dobraxe
Álvaro Santos	Biólogo
Anabel González	Funcionaria
Andrés Mahía	Guionista e Productor
Antón Caeiro	Realizador
Antón Ramos	Música
Antonio Diaz Amor	Profesor de Filosofía
Antonio Durán "Morris"	Actor
C. Alberto Alonso	Director e Guionista
Cándido Pazo	Actor e Presidente da Asociación de Actores, Directores e Técnicos de Escena de Galicia
Carlos Ares	Guionista
Carlos M. Callón	Presidente da Mesa pola Normalización Lingüística
Carlos Méndez	Productor e monitor de talleres audiovisuais
Carlos Roma	Presentador e Guionista de tv
Carme Hermida Gulías	Profesora da USC
César Cambeiro Quintela	Actor
Chus Pato	Escritora
Chusi Riveira	
Claudio Aragunde Aragunde	Técnico de son
Comba Campoy Garcia	Actriz
Corona Rodríguez	Bibliotecaria
Curru Garabal	Escenógrafa
Damián S. Paio Cangado	Pintor e Programador Cultural
Diego Suárez Stauv	Técnico de son
Eduardo Gabín	Montador e Director
Eduardo Galan	Crítico de Cine
Emilia López	Programadora de Cine
Ernesto Chao	Actor
Euloxio R. Ruibal	Escritor e Guionista, Presidente da Asociación Galega de Escritores en Lingua Galega
Flor Maceiras	Actriz
Fran Alonso	Escritor
Francisco Fernández Rei	Catedrático da USC e Membro da RAG
Francisco Martínez Barreiro	Actor, músico
Francisco Peña	Presidente da A. C. Alexandre Boveda
Francisco X. Fernández Naval	escritor e guionista
Francisco Xosé Rodríguez	Técnico de son
Brisaboa	
Helena Pérez	Coordinadora de Edición Infantil Xuvenil de Ed. Xerais
Helena Villares	Realizadora
Ignacio Castaño Gómez	Actor
Isabel Blanco	Actriz
Iván Prado	Coordinador do Festival Internacional de Cine "Olladas do Planeta"
Jorge Gil	Realizador
José Alberto Suarez	Técnico de Son
Josito Porto	Actor
Lino Braxe	Guionista e Poeta
Lucía Cid Cabido	Actriz de dobraxe
Luis Avilés	Director e Fillo de Antón Avilés de Taramancos
Luis Iglesia Besteiro	Actor
Luis Tosar	Actor
Luísa Martínez	Actriz
M. A. Fernán-Vello	Escritor
Mª Teresa Santamaría Panete	Actriz de dobraxe
Manuel A. Pereira Hernández	Actor
"Chiqui Pereira"	

Manuel Igrexas Rodríguez		Profesor
Manuel Martínez Barreiro		Coordinador de edición
Manuel Millán		Actor
Marce Magán Nogueira		Productor
Marcial Gondar		Antropólogo
Marcos Nine		Guionista
Margarita Ledo Andión		Catedrática de Comunicación Audiovisual da USC e escritora
Maribel Rivera		Actriz
Miguel Anxo Prado		Debuxante
Miguel de Lira		Actor
Miguel Mato		Poeta e Escritor
Milagros Bara		Realizadora e Guionista
Mónica García		Actriz
Monti Castiñeiras		Actor
Nora Abad		Actriz de dobraxe
Oscar Henrique	Fernández	Actor de Dobraxe
Rodríguez		
Pablo Lourido		Perruqueiro
Paco Campos		Actor
Pedro Corredoira Alonso		Director e Guionista
Pepo Suevos		Actor
Pilar Pallarés		Escritora
Pilar Pérez Faxil		Guionista
Rafael Calvo		Director e Guionista
Rafael Prieto		Técnico de son
Redes	Escarlatas-David	Rivas
Peña		Deseñador Gráfico
Ricardo Llovo		Director
Rober Neal Baxter		Profesor da Universidade de Vigo
Rosa Álvarez		Actriz
Ruben Castro		Actor
Silvia Quer		Directora Catalana da Tv-Movie “Sara”
Sonia Castelo		Actriz
Suso Iglesias		Guionista
Tono Folguera		Coordinador da Compostela Film Commission
Victor Mosqueira		Actor
X. Antón L Dobao		Escritor e Guionista
Xavier Cordal Fustes		Escritor
Xavier Perdiz Álvarez		Actor de dobraxe
Xoan Carlos de Dios		Artista
Xosé Castro Puga		Guionista
Xosé Garrido		Director de Fotografía
Xosé Henrique Costas González		Catedrático da Universidade de Vigo
Xosé L. Méndez Ferrín		Escritor e Membro da RAG
Xosé Luís Ledo Andión		Administrador de NÓS, Productora Cinematográfica Galega guionista e director
Xosé Luís Regueira Fernández		Profesor da USC
Xosé Manuel García Crego		Técnico editorial
Xosé Manuel Olveira “Pico”		Actor
Xosé Ramón Pousa		Profesor titular de Comunicación Audiovisual e Publicidade da USC
Xosé Zapata		Productor e Director
Xurxo Sánchez Gómez		Cámara
Yolanda Castaño		Poeta, Directora e Guionista de Televisión, Secretaria Xeral da Asociación de Escritores en Lingua Galega